

RESERVA DE PRAZA PARA CENTRO DE ADSCRICIÓN (IES SÁNCHEZ CANTÓN) DO CEP CAMPOLONGO PARA O CURSO 2024/2025

PRAZO:

- O prazo de presentación de solicitudes será desde o **15 de xaneiro** ata o **5 de febreiro** **ambos incluídos**.
- O prazo para a asignación de prazas no centro de destino (IES Sánchez Cantón) remata o 22 de febreiro e se publicará a listaxe do alumnado admitido no taboleiro de anuncios do noso centro

FAMILIAS

- As familias poderán cumprimentar as solicitudes de reserva de xeito manual empregando o formulario en papel ou a través da aplicación:

www.edu.xunta.gal/admisionalumnado

Entrar no menú:

[Solicitudes > Reserva > Crear](#)

- Esta solicitude deberase presentar no centro educativo de orixe ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, incluída a Sede Electrónica da Xunta de Galicia
<https://sede.xunta.gal/detalleprocedemento?codtram=ED550A>, para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital.

O comportamento da aplicación **depende** de se a solicitude se cobre estando identificado ou non.

Usuarios sen identificar

- Unha vez introducidos todos os datos, deberá premer no botón **Crear**.
- Aparecerá a mensaxe **Descargar o PDF da solicitude** e **Descargar o PDF do Anexo I Bis** que deberá presentar no centro.
- Tamén poderá imprimir o xustificante co código da solicitude se así o desexa.

Usuarios identificados

- Unha vez gravada a solicitude na aplicación, aparecerán as opción **Presentación e Sinatura en Sede Electrónica** (para presentar e asinar a solicitude na sede electrónica) ou a opción **Xerar Informe para Imprimir** (para descargar e imprimir a solicitude e presentala no centro educativo).